



Cultura

* **FESTA DE ENTROIDO E FESTA INFANTIL:** animación con discoteca móbil e xogos para nenos. Sábado 6 de febreiro no polideportivo municipal, a partir das 17:00. Contaremos con inchables e obradoiros de maquillaxe e de ambientación de Entroido. Haberá un carriño con filloas con elaboración en directo que se repartirán entre os asistentes con recheo de chocolate.

Teremos un sorteo de artigos de broma. Todos/as os que acudan disfrazados a esta festa, recibirán unha rifa para o sorteo de artigos de broma ó rematar a mesma.

* **I Edición da Ruta das Tapas "Entroido con premio"**, organizada polo Concello de Boimorto en colaboración cos seguintes establecementos: Corredoiras: Café-Bar Rico, Café-Bar Carreira; Boimil: Café-Bar Novo, Boimorto: Café-Bar Vilanova, Mesón Nati, Café-Bar Bobby, Café-Bar Luís, Café-Bar Maribel (Pedral), Casa Moncho.

Dende o sábado de Entroido ata o martes, estes establecementos servirán tapas relacionadas co Entroido, ademais decorarán e caracterízanse para revivir a festividade do Entroido.

Como participar: durante os días 6, 7, 8 e 9 de febreiro poderase recoller, nos bares participantes o cartón para poder concursar, onde se deberá cubrir os datos persoais, e cada vez que consuman algo nalgún dos establecementos este deberá selarlle o cartón. Para poder entrar no sorteo débese consumir en todos os bares que están inscritos nesta ruta, unha vez cuberto todo o cartón terase que entregar no último bar no que se consuma.

O mércores día 10 de febreiro o Concello recollerá dos bares todas as tarxetas que estean cumprimentadas debidamente. O xoves realizaremos o sorteo publicamente para coñecer os gañadores. **Premios:** vales de compra por valor total de 500€ para gastar nos establecementos do Concello (alimentación, perruquería, librería, droguería, estanco, gasoleira, mercería, ferretería, frutería, pescadería ou outros).

O martes de Entroido pola mañá de 12:00 a 14:00 contaremos cun grupo musical que percorrerá os bares da I Edición da Ruta das Tapas "Entroido con premio" para amenizar o Entroido.

* **Clases de iniciación a informática para adultos**, grupos de mañá e de tarde, interesados/as anortarse no Concello ou chamando ó 981516520, antes do 20 de febreiro.

* **Teatro para nenos, xuventude e adultos**, propoñemos formar un grupo de teatro estable, xa que o teatro é efectivo para mellorar a memoria, aporta confianza, estabilidade emocional, ensina a compartir e a traballar en grupo. Interesados anotarse no Concello durante o mes de febreiro.

* **OMIX Boimorto**

Lembramos que o Carné xove ten unha validez de 2 anos, todos/as aqueles que teñan que renovalo, pasen polas oficinas do Concello.

Deportes

* **EXCURSIÓN Á NEVE A ESTACIÓN DE ESQUÍ DE LEITARIEGOS OU DE SAN ISIDRO.** Será no mes de marzo, asegurándonos de que haxa boas condicións para a

práctica de esquí ou snowboard. Como novidade, este ano preténdese ir toda a fin de semana, marchando a madrugada do venres ao sábado, para esquiar sábado, durmir alí esa noite e tamén esquiar o domingo e regresar ao peche da estación.

Os interesados deberán preinscribirse chamando ás oficinas do concello, rematando o prazo de preinscrición o venres 27 de febreiro.

Avisos

*** SUBVENCÍONS PARA ACTUACÍONS DE REHABILITACIÓN DE EFICIOS E VIVIENDAS NA ÁREA DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO**

As actuacións de rehabilitación deberán realizarse en edificios e vivendas que estean situados no ámbito dos Camiños de Santiago. No Concello de Boimorto son subvencionables as rehabilitacións das seguintes parroquias: **Boimil, Boimorto, Os Ánxeles e Sendelle.**

Contía da subvención: non poderá exceder o 35 % do custe subvencionable. Sendo a contía máxima das axudas 11.000€. O prazo máximo de execución e xustificación do pagamento das obras será o 31 de Outubro de 2016. Máis información: DOG núm. 246, do 28 de decembro de 2015

*** SUBVENCÍONS PARA REHABILITACIÓN EN GALICIA. 2016.**

- 1- Renovación de ascensores.** Prazo de solicitude: ata o 20 de abril 2016 .
 - 2- Renovación de fachadas e cubertas de lousa.** Prazo de solicitude: ata o 20 de abril 2016
 - 3- Renovación de fachadas con granito.** Prazo de solicitude: ata o 20 de abril 2016 .
 - 4- Renovación de fiestras** Prazo de solicitude: ata o 30 de setembro
 - 5- Renovación de cubertas con tella cerámica.** Prazo de solicitude: ata o 20 abril
-

Servizos Sociais

* Ticket eléctrico: É unha axuda para sufragar os gastos da factura eléctrica comprendida entre o 1 de xullo do 2015 e o 30 de xuño de 2016, a aquelas familias que teñan menores a cargo ou persoas con discapacidade. Estas familias non poden superar os ingresos de 798,76€/mes. A contía da subvención será unha cantidade fixa de 180 € ao ano para as unidades de convivencia que cumpran os requisitos, e de 300 € ao ano para as que acrediten ser ademais familia numerosa. O prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de xullo de 2016.

* Axudas para evitar os cortes de enerxía eléctrica a persoas economicamente vulnerables: Poderán solicitar estas axudas calquera persoa residente en Galicia que na súa unidade de convivencia non existan ingresos superiores ós 532,51€/mes e teñan aviso de interrupcións de subministración eléctrica por non pagamento, ou ben, xa se producira esa interrupción pola mesma causa. Os gastos subvencionables serán o 100 % do importe das facturas de electricidade (IVE incluído) emitidas, con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, por unha comercializadora de electricidade correspondentes á vivenda habitual, cun límite máximo de 2 facturas/ano no caso de facturación mensual e de 1 factura/ano no caso de facturación bimensual, cun importe máximo de 200 €/ano por solicitante en ambos casos. O prazo de solicitudes remata o 15 de novembro de 2016.

* Axudas para a renovación de fiestras: Poderán solicitar estas axudas todas aquelas persoas titulares ou propietarios dunha vivenda que precisen renovar as fiestras existentes que formen parte do envolvente térmico do edificio. As novas fiestras teñen

que cumprir uns requisitos marcados na ordenanza. A contía máxima da subvención será de 100€/m² co límite de 3.000 €. o prazo de presentación de solicitudes remata o 30 de setembro.

* Axuda económica a través da tarxeta benvida para as familias con fillos e fillas nados no ano 2016: Poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan fillas ou fillos, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016. A contía total da axuda será de 1.200 € a razón de 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do fillo ou filla. No caso de adopción o dereito á percepción da axuda producirase desde o mes en que se constituía a adopción e ata que o neno ou nena faga un ano. A axuda farase efectiva a través da tarxeta benvida que só se poderá utilizar en farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación.

* Prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos. Os requisitos dos beneficiarios desta prestación son : persoas que teñan fillas/os menores de 3 anos á data do 1 de xaneiro de 2016(é decir menores nados entre o 02/01/2013 e o 01/01/2016 ambos incluídos), que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia, que na data da solicitude os nenos ou as nenas convivan coa persoa solicitante, que durante o ano 2014, nin as persoas solicitantes nin ningunha das persoas que compoñen a unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración polo IRPF correspondente a este período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estaren obrigadas a iso. O prazo de presentación de solicitudes é ata o 7 de marzo de 2016.

Recordar a tódolos beneficiarios das Pensións non contributivas que o prazo para presentar a declaración individual anual nos servizos sociais do Concello de Boimorto remata o día 31 de marzo de 2016.

Emprego

* **Consellería de Economía, Emprego e Industria**(DOG nº 248 do 30/12/2015):

- Programa de fomento da contratación das persoas con discapacidade na empresa ordinaria:
- **Subvención pola contratación indefinida**. Subvención pola contratación indefinida de traballadores e traballadoras con discapacidade dun enclave laboral. Subvención pola contratación temporal. Subvención pola contratación de persoas con discapacidade no marco de proxectos de emprego con apoio.
- Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo.
- Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas.
- Programa de incentivos á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil.
- **Programa para a promoción do emprego autónomo** Persoas beneficiarias: desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en persoas traballadoras autónomas ou por conta propia, e que desenvolvan fundamentalmente a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- Se dean de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional entre o 1 de outubro de 2015 e o 30 de setembro de 2016, ambos inclusive, como titulares ou co-titulares do negocio ou explotación.
- Non desenvolvesen como persoas traballadoras autónomas a mesma o similar actividade na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade, nin estivesen de alta como persoas traballadoras autónomas en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional nos tres meses inmediatamente anteriores.

* RECOÑECEMENTO DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS A TRAVÉS DA EXPERIENCIA LABORAL PARA A OBTENCIÓN DE CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE.

Avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación.

Requisitos:

- No caso de experiencia laboral: para as unidades de competencia das cualificacións de nivel 2 e 3, xustificar polo menos 3 anos, cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total nos últimos 10 anos, transcorridos antes de realizarse a convocatoria.
- No caso de formación non formal: para as unidades de competencia das cualificacións de nivel 2 e 3, xustificar polo menos 300 horas nos últimos 10 anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria. Naqueles módulos formativos asociados á unidade de competencia que se pretende acreditar que consideren unha duración inferior, deberanse acreditar as horas establecidas nestes.

O prazo de solicitude: 5 de febreiro de 2016 ou 10 de febreiro de 2016

BOIMORTO 19 e 20 de Marzo

A Coruña - España



MAGRECO

2016





Poxa de Xovencas

**Feira de Maquinaria
Agrícola e Produtos
Ecolóxicos**